

LICEO FRANCISCANO

Núm 212 (Enero-Junio 2019), págs 45-78

ISSN.: 0211-4011

D.L.: C755-2003

Historia, arte y patrimonio

PROPOSTA PARA ESTANDARIZACIÓN DOS NOMES NA EDICIÓN DE TEXTOS MEDIEVAIS.

→ Ana Isabel Boullón Agrelo**

* Universidade de Santiago de Compostela

Este traballo desenvólvese dentro do proxecto *Colección diplomática de documentos galegos medievais*, financiado pola Xunta de Galicia a través do convenio asinado entre esta e a Universidade de Santiago de Compostela (Instituto da Lingua Galega) e a través do grupo FILGA (Xunta de Galicia / FEDER)

** Instituto da Lingua Galega

ana.boullon@usc.es

PROPOSTA PARA A ESTANDARIZACIÓN DOS NOMES NA EDIÇÃO DE TEXTOS MEDIEVAIS

Resumen

La onomástica de la documentación medieval gallega aparece muchas veces castellanizada por sus editores. En parte por ello, los personajes de la historia medieval aparecen con sus nomes traducidos al castellano. Las razones son dos, principalmente: en primer lugar, la castellanización parcial de los nombres propios a partir del siglo XVI, cuando la lengua gallega desapareció de los textos escritos. La segunda, las ediciones de los textos medievales no tenían en cuenta las especificidades de la lengua gallega y aplicaban las de la española. Este trabajo pretende facilitar a la comunidad científica que trabaja en esas áreas la elección de las formas estándares para los nombres medievales, tanto personales como toponímicos.

Palabras clave: nombres personales gallegos, topónimos gallegos, textos medievales, textual criticism.

Abstract

Onomastics in Galician medieval documentation was usually castilianized by their editors. This caused that the names in the regesta and the medieval historical figures were mentioned with their names in Spanish. There are two main causes explaining such distortions: firstly, the partial castilianization of Galician personal names as of the 16th Century, when Galician language disappeared from written texts. Secondly, the use of edition norms that do not take into account the Galician linguistic characteristics. This paper attempts to provide the scientific community working in these areas with a tool that would allow us to choose the modern standard forms for the medieval names, in both personal and place-names.

Keywords: Galician personal names, Galician place-names, medieval texts, textual criticism.

Recibido/Received: 17/05/2018

Aceptado/Accepted: 10/06/2018

ISSN.: 0211-4011, D.L. C755-2003

Liceo Franciscano año LXIX nº 212 (Enero-Junio 2018), pp. 45-78

► INTRODUCCIÓN

A onomástica da documentación medieval foi habitualmente castellanizada polos seus editores, o que ocasionou que aparecesen con nomes traducidos ó castelán tanto os protagonistas dos actos xurídicos nos rexeitos das coleccións documentais coma os persoeiros do noso pasado medieval, en flagrante contradición co que falaban os textos. Foron en xeral máis respectados os topónimos a partir da promulgación da Lei de normalización lingüística (1983), que estipula que a galega é a súa forma única, pero coa onomástica persoal o panorama é diferente. Por exemplo, *Afonso de Lanzós*, o líder dos Irmandiños, aparece como *Alonso de Lanzós*; *Sueiro Gómez de Soutomaior*, señor de Rianxo, como *Suero Gómez de Sotomayor*, etc. E isto ten o seu reflexo tamén nas novas vías difusoras de coñecemento, como na Galipedia (a Wikipedia en galego), onde estes personaxes son nomeados indistintamente cos nomes galegos e mais cos casteláns, como se o mesmo personaxe tivese dous nomes diferentes e os nomes galegos carecesen dunha forma normalizada.

Hai dúas causas principais que explican estas distorsións; a primeira, a castellanización parcial que sufriu a antroponimia galega a partir do século XVI nos textos escritos, o que inducía a traducir en maior medida os patronímicos medievais que están máis castellanizados actualmente (como *Yáñez*, *Martínez*), mentres que se mantiñan os que non o están (como *Vázquez*, *Mouriño*). A segunda, a utilización dunhas normas de edición que non tiñan en conta as características lingüísticas dos textos galegos, e, por tanto, ignoraban aspectos tales como a nasalización das vogais, o valor real das abreviaturas, etc.

Coa finalidade de contribuír a atopar un punto de encontro entre os criterios editoriais discrepantes por parte dos editores dos textos, cuestión longamente desexada, o Consello da Cultura Galega promoveu a redacción dunhas normas de edición a cargo dun equipo formado por historiadores e filólogos¹ que pode contribuír a paliar o primeiro dos problemas aducidos.

¹ Coordinado por Rosario Álvarez e integrado por Ana Boullón, Paula Bouzas, Alexandra Cabana Outeiro, Henrique Monteagudo, Francisco Javier Pérez Rodríguez, Pilar Rodríguez Suárez, Beatriz Vaquero Díaz e Mercedes Vázquez Bertomeu. Véxase http://gmh.consellodacultura.org/fileadmin/arquivos/publicos/gmh_criterios_edicion.pdf

Este traballo vai na mesma dirección, posto que pretende pór ó dispor da comunidade científica que traballa nestes eidos unha ferramenta que axude a escoller as formas estándares modernas para os nomes medievais.

1. APUNTES SOBRE A CASTELANIZACIÓN DOS NOMES NOS TEXTOS ESCRITOS

A partir do séc. XVI, co arredamento da lingua galega como soporte instrumental dos textos escritos, os únicos elementos que se mantiveron foron os onomásticos. Pero os nomes, apelidos e topónimos comezaron a ser traducidos ou transformados en distintas medidas. A toponimia chegou a finais do século XX íntegra case na súa totalidade a nivel oral; a Lei de Normalización Lingüística (1983) permitiu recuperala e restituír oficialmente os elementos alleados. A antroponimia persoal, que non se rexe polo dereito público máis que para regular as normas de nominación (un ou dos nomes, un apelido derivado da nai e outro do pai...), sufriu outra sorte.

48

Efectivamente, os nomes persoais, cambiantes de xeración en xeración, foron os máis vulnerables, de maneira que no século XVIII, por indicar un marco cronolóxico intermedio, practicamente tódolos nomes se impoñían en español² (excepto, claro está, os nomes comúns en galego e castelán, como *Pedro*, *Miguel*, *María* ou *Andrea*). Agora ben, esta aserción refírese ós textos escritos de carácter documental e máis ou menos oficial, porque a realidade oral, como coñecemos por certos indicios, era ben diferente. Os nomes que o padre Sarmiento utilizou para os protagonistas do seu *Coloquio en coplas galegas*, os personaxes das escasas mostras literarias que temos nos Séculos Escuros e os nomes mencionados nas cartas privadas amósannos que na intimidade familiar das clases nobres e na vida cotiá das clases populares eran os nomes galegos os empregados.

Os apelidos sufriron en parte uns procedementos de hibridación ou directamente de tradución con importantes repercusións cuantitativas no corpus actual: ata un 7% das formas presentan hoxe interferencias fonéticas ou morfolóxicas (Boullón 2018: 151), que produciron como resultado o que chamamos formas híbridas, isto é, non totalmente galegas nin totalmente castelás. Exemplos delas serían *Seixas/Seijas*, *Soutelo/Sotelo*, *Anllóns/Allones*, *Rubiños/Rubinos*. Un grupo aínda meirande, próximo ó 20%, foron

² Un estudo sobre a antroponimia nos catastros da Ensenada en Boullón (2017a).

formas léxicas traducidas, non só de voces recoñecibles no léxico común (*Outeiro/Otero, Monteiro/Montero, Celeiro/Cillero*), senón tamén de voces exclusivamente onomásticas (*Martís/Martínez, Afonso/Alonso*)³.

No que segue exemplificarei estes procesos con dous estudos de caso: Afonso, que ten forma idéntica para nome persoal ca para apelido, e *Anes/Oanes/Eanes*, o patronímico correspondente ó español *Yáñez*.

Afonso

Afonso de Lanzós, o líder do movemento irmandiño na Gran Guerra Irmandiña (1467-1469), aparece na documentación medieval coa forma usual na Idade Media nos textos galegos:

Afonso de Lanços 1461, 1453 TMILG, *Afonso de Lanços* 1450 TMILG, 1469 GMH

Pese a isto, é nomeado adoito polos historiadores co seu nome traducido⁴, mesmo por aqueles que citan textos en que é nomeado como Afonso:

"Alonso de Lanzós era fillo de Xoán Freire de Lanzós e dunha D^a Isabel de Castro que era irmá de D^a Beatriz de Castro -muller do cabaleiro ourensán García Díaz de Cadórniga-. Esta D^a Beatriz de Castro no seu testamento di: "Yten deyxo, nomeo et declaro por meu unibersal herdeiro a Afonso de Lenços, meu sobrinno, fillo de Juan Freyre de Lenços et de minna ymaa dona Ysabel de Castro, sua moller, madre do dito Afonso de Lenços, ao qual deyxo et nomeo por meu legitimo et unibersal herdeiro" a. 1478 (Dopico Blanco 2006: n.52; a cursiva é miña).

49

Non sospeito destas fontes afán castelanizador, posto que algunhas delas utilizan noutros momentos as formas galegas dos nomes⁵, senón quizais descoñecemento de que *Alonso* é a forma española correspondente á

³ Véxase unha descrición destes procesos en Boullón (2009).

⁴ E tamén nas obras de divulgación, mesmo nas escritas en galego: *Diccionario enciclopédico galego universal*, *Diciopedia do século 21*, *Enciclopedia Galega Universal*. Na propia Galipedia aparece como lema "*Afonso de Lanzós* ou *Alonso de Lanzós*"; como adoitan, xustifican esa dobre denominación con abundantes fontes (as cales serviron aquí como exemplificación). Pero ao optaren por incluír como lema a forma española, estana lexitimando. O mesmo pasa con outros personaxes, como "*Sueiro Gómez de Soutomaior*,"[1][2][3] (nalgúñas publicacións aparece como *Suero Gómez de Sotomayor*[4][5] e mesmo *Soro Gómez de Soutomaior*)" (consultado o 04/02/2019). Evidentemente, non parece rigoroso encabezar un artigo con variantes castelanizadas ou directamente inventadas (*Soro* parece unha pseudogaleguización do castelán *Suero*, correspondente ó galego *I*, que sobreviviu como apelido), obviando o nome real do personaxe.

⁵ Por exemplo, o historiador Ramón Villares na súa última *Historia de Galicia* (2016: 165) cita a *Alonso de Lanzós*, pero chámalle *Sabela* á raíña católica e *Xoana* á Beltranexa (2016: 168).

galega Afonso. Acaso sexa conveniente dicir que o nome Afonso, de orixe xermánica, procede da concorrencia de varias raíces xermánicas (i-, do gót. **hathu* 'loita', ou Ild- de **hildi* 'loita') cun segundo elemento *fonsus*, que procede do gót. -*funs* 'disposto, valente' (HGN 3.5). Foi un nome moi común na Idade Media, seguramente porque así se chamaban os monarcas de varios reinos peninsulares. Recordemos, por exemplo, o rei sabio, que se presentaba así no prólogo A das Cantigas de santa María:

Don Afonso de Castela,
de Toledo, de León,
rei e ben des Compostela
ta o reino d' Aragón.

Na documentación daquela época era habitual abreviar os nomes moi frecuentes, e así ocorreu con este, que adoita escribirse <a^o>⁶. Cando os editores comezaron a reproducir a documentación galega medieval, fixérono case sempre á castelá, e iso axuda a entender que nas obras dos historiadores figuren así os nomes dos nosos persoeiros medievais.

Analizarase a seguir a traxectoria real deste nome comparando a súa presenza nos textos literarios (no corpus "Gondomar"⁷), cos rexistros nominativos en tres marcos cronolóxicos. Os dous primeiros, os séc. XVI e XVIII, a partir da base de datos compilada na Sección de Onomástica do Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago, que contén máis de 22.000 secuencias onomásticas datadas entre o século XVI e XIX, todas elas tiradas de textos non literarios, a partir de denominacións de persoas reais. Este tipo de fontes reflicte a situación dos textos escritos, onde a castelanización é moito maior. O penúltimo chanzo recolle as cifras proporcionadas polo Instituto Nacional de Estadística (Madrid) á Real Academia Galega para a confección da Cartografía dos Apelidos de Galicia (CAG), correspondentes ao ano 2000. Unha última comparación faise cos nados na década de 2000-2010 (tamén con datos do INE), para ver de maneira máis clara as tendencias onomásticas.

⁶ Para un estudo pormenorizado da evolución desta forma desde a Idade Media ata finais do séc. XX, véxase Boullón / Tato (1999).

⁷ Recolle tódalas mostras dos Séculos Escuros achadas ata o momento, entre os séc. XVI e XVIII. É un proxecto do Instituto da Lingua Galega, dirixido por Rosario Álvarez e Ernesto González Seoane. Véxase <http://ilg.usc.gal/gondomar/>.




Gráfico 1: Porcentaxe de uso do nome Afonso con respecto a Alonso/Alfonso


Pois ben, o corpus Gondomar mostra sempre a forma galega, *Afonso*, e, por tanto, mantén a situación medieval. Isto apunta a que a realidade oral da poboación era diferente á que amosan os textos escritos, como tamén se ve no devandito elenco dos personaxes do padre Sarmiento. Pero nos textos escritos (censos, catastros, mencións diversas en escrituras ou documentación legal en xeral) a realidade é ben outra. O fragmento do documento que se reproduce embaixo, de 1582, transloce o proceso de castelanización: un personaxe chamado no texto *Afonso d'Arriva* é denominado no título *Alonso da Riva*, mentres que outro, tocaio, xa aparece as dúas veces como *Alonso do Monte* (imaxe 1).

51

Este non é un caso único: xa se teñen reproducido imaxes parecidas con outros nomes (*Outeiro/Otero* no DNG: 37, *Besteiro/Ballestero* en Boullón 2017b: 52), e poderían aducirse máis, sobre todo no XVI:

Alonso=Al<ons>o=Afonso Roges [mercador, veciño de Ourense] 16.1543(or.)
CDStaCombaNaves 285

No XVI, pois, aínda se ve a forma *Afonso* (un 25% das formas), pero no XVIII, en datos procedentes maioritariamente dos catastros de Ensenada, non se rexistra nunca. A exigua porcentaxe que aparece no XX (menos do 2%) está concentrada nas últimas décadas, despois de desaparecer a prohibición legal de pór ós nados nomes en galego. Finalmente, na pri-



Imaxe 1: Principio da castelanización do nome Afonso, coexistindo con Alonso (ACS, 1582)

52

meira década do XXI vese unha certa recuperación da forma orixinal. Debe terse en conta que nos séculos XX e XXI o nome español Alonso é tamén minoritario, pois a partir do XIX viuse desprazado por *Alfonso*, de moda por levalo o rei que, co número XII e pertencente á casa francesa dos Borbóns, se chamou así por influencia do francés *Alphonse*.

Co apelido a situación é diferente, dentro dun proceso paralelo de castelanización.




Gráfico 2: Porcentaxe de uso do apelido Afonso con respecto a Alonso/Afonso

A castelanización foi culminándose case de maneira definitiva, de maneira que no século XX a forma galega só se mantén menos dun 3% das ocorrencias totais.

Oanes, Anes, Eanes

O patronímico de Iohannes, frecuente na Idade Media porque tamén o era o nome *Johan* (moderno *Xoán*), presentou diversas evolucións: *Eanes* (máis común nos séculos XIII e XIV, hoxe a estándar portuguesa), *Anes* (máis común no XV) e outras minoritarias que comezaron a aparecer con máis frecuencia a finais da Idade Media: *Yanes* (en menor medida *lanes*) e *Oanes*⁸.




Gráfico 3: Evolución porcentual das variantes do patronímico de Iohannes na Idade Media

A forma latina, *Iohannes* (ou *Iohannis*, sobre todo nos textos latinos, conforme ao xenitivo propio dos patronímicos), podía aparecer representada con varias abreviacións: <ihnis>, <ihnes>, <ihis>, <i>, <io>, <iohis>, <ioh> (sempre con trazo supralinear de abreviación). Aínda era maioritaria no XIII, século en que convive o latín co galego na documentación, de forma

⁸ A estimación porcentual faise con relación á suma de tódalas formas en cada período. Parte dos datos da táboa de cadeas antroponímicas da Sección de Onomástica do Instituto da Lingua Galega correspondente á Idade Media, con cerca de 48.000 rexistros. As formas deste patronímico suman en total 2.085 ocorrencias. Non se poden ter en conta os datos do TMILG porque as fontes alí incluídas presentan tipos de edicións moi diferentes, que maioritariamente adoitan castelanizar os nomes, polo que non son ecdoticamente fiables.

que se atopa non só en textos escritos en latín, senón tamén en secuencias onomástica plenamente romances, ou alternando con elas, como vemos nos seguintes casos:

Johã Iohannis [cabaleiro de Lión] 13.1255(or.) Docs-1260 24

Afonso Iohannis [alcalde de Xallas] 13.[1234-1256](or.) Docs-1260 4

don Fernã Anes=*Fernandus* Iohannes=Fernando Anes Batissela ricome en Limia 13.1259(or.) Docs-1260 44, 11, 13, 17

Ellujra Anes=Johannis 13.1289(or.) DocChouzán 215

Dominicus Iohannis=Domjngo Eanes notario d'Ourense 13.1290(or.), 1302(or.) CDStaCombaNaves 74, 81

No séc. XIV deixa paso ás formas romances, das que a máis frecuente é *Eanes* (representado tamén coa abreviación <eans> ou, de forma minoritaria, <ens> e <eaes>). As outras variantes cobran máis pulo no séc. XV: *Anes* é a máis común neste período, seguida por *Oanes*, *lanes* e *Yanes*. Estas dúas últimas presentan a ditongación do hiato inicial de *Eanes* (como é sabido, nesta altura o grafema <y> representa a semivogal, quérese dicir, a vogal *i* en ditongo).

54

O que ocorreu posteriormente non foi a evolución natural destas formas, que mostraban tendencia á alza de *Anes* e *Oanes*, senón a interferencia do español. A forma española moderna, *Yáñez*, presenta a palatalización do <nn> latino, a consonantización do Y- inicial e a terminación en -z por analoxía cos abundantísimos patronímicos rematados co sufixo -ez. E así, o grafema <y>, que na Idade Media designaba unha semivogal palatal, [j], pasou na grafía española a pronunciarse como unha consoante, [j]. A similitude gráfica coa forma medieval *Yanes* (pronunciada daquela igual ca *lanes*) favoreceu a transformación.

No século XX obsérvase un grande cambio con respecto á situación medieval: desaparecen varias formas romances: *Eanes*, *lanes* e só subsisten *Oanes* e *Anes*, que posiblemente zafaron en parte da castelanización por non seren transparentes, aínda que son minoritarias: 210 ocorrencias e 67, respectivamente, fronte a 6.366 de *Yáñez* (segundo IGE-nomes). De forma que actualmente a forma española *Yáñez* é absolutamente maioritaria, grazas a un proceso de acomodación dos grafemas medievais á pronuncia moderna do español: así *Yanes* e *Yáñez* pasaron tamén a pronunciarse á forma española.




Gráfico 4: Evolución porcentual das variantes do patronímico de Iohannes desde o séc. XVI ata o XX

Por tanto, para a estandarización destas formas medievais cabe o uso de calquera delas, adaptada á grafía do galego moderno, o que neste caso implica non usar o grafema <y>. Serían, en consecuencia, *Anes*, *Oanes*, *Eanes* e *lanes*. A elección dependerá da que ocorra no texto ou da máis frecuente na actualidade nesa área, para o que se pode utilizar a Cartografía dos Apelidos de Galicia (CAG). En todo caso, calquera destas catro formas está considerada hoxe estándar.

55

As coleccións documentais actuais editadas sen respecto pola realidade antroponímica non se axustan á lección dos textos nin a unha coherencia intelixible, nalgúns casos. Para isto vou exemplificar coa colección do mosteiro de San Salvador de Chantada (en diante, CDChantada), recentemente publicada, que reúne 355 textos desde 1073 a 1585 (o número indicado no cadro refírese ó do documento):

Rexesto	Texto
Yáñez	Johannes 23 Iohannis 19, 20, 38, 111 Yanes 34, 36, 64, 82, 97, 109, 111, 115, 152, 172, 187, 197, 199, 200, 253, 256 Yanez 37 Yannes 199

Rexesto	Texto
Eanes	Eanes 21, 25, 26, 27, 28, 30, 38, 73, 74, 98, 102, 107, 127, 130, 135 Iohannis 17 Iohanis 131
Anes	Anes 40, 61, 86, 106, 144, 145, 150, 157, 161, 169, 170, 173, 258, 291, 296
Iohannis	Iohannis 14
Johannis	Johannis 60
Eáns	Iohannis 32

A arbitrariedade destas equivalencias ponse aínda máis de manifesto cando vemos a mesma persoa no rexesto con formas distintas. Por exemplo, a *Teresa Yañez* do nº 256 (no texto *Tereisa Yanes*), muller de Roi do Reguengo, é a mesma *Teresa Anes* do nº 258 (*Tereij<a> Anes* no documento⁹). Non é algo insólito, e evidencia que, aínda que hoxe son apelidos distintos, daquela eran considerados como simples variantes: a mesma persoa aparece nomeada indiferentemente como *Anes*, *Eanes* ou *Yanes* con diferentes combinacións en cadeas onomásticas desde o séc. XIII ata o XV:

56

Pedro Eanes=Yanes=Anes [monxe de SCN/vestiario/notario] 12.1195(or.), 13.1289, 1312 CDStaCombaNaves 65, 73, 94

Lop'Eanes=Lop'Ehanes=Lopo Anes [monxe] 14.1333(or.), 1332-1342, 1349 CDStaCombaNaves 105, 106, 109, 112

Gomez Eanes=Anes [novicio de SCN/frade/monxe notario] 14.1349(or.), 1358(or.) CDStaCombaNaves 114, 126

Bernald Eanes=Yanes [cóengo] 14.1391-1395 THSantiago 8, 11, 21, 30, 50, 74-75, 87, 97, 100

Afonso Yanes Iacob=Eanes Iacob [notario] 14.1391-1395 THSantiago 7, 16, 61, 72-73, 79, 81, 85, 87-88

Rodrigo Eanes=Yanes, morador en Barregãas [home de Mayor Yanes] 14.1394 THSantiago 63-64

Pero Anes=Yanes 15.1429,1433 PadrónsOurenseXV 21,40

Tereija Yanes=Anes 15.1430-1432 PadrónsOurenseXV 27,28

Afonso Yanes=Anes da Laja [rexedor de Ourense] 15.1473(or.) CDStaCombaNaves 217

Rroy Yanes=Anes [crego de San Pedro de Garabas] 15.1480(or.) CDStaCombaNaves 232

⁹ Nesta secuencia non cumpría repoñer unha vogal, posto que o encontro vocálico pode resolverse cun apóstrofo: *Tereij'Anes*

Parece evidente que estas persoas debería figurar no rexesto coa mesma forma patronímica para seren facilmente identificables. Se se opta pola modernización das formas, en principio débese escoller a variante romance do patronímico (*Eanes* ou *Anes*). En canto a *Yanes*, é forma galega medieval que hoxe escribiríamos *lanes*, posto que o grafema <y> non é propio do alfabeto galego moderno. Conforme ó estipulado en RAG 2016, esta, *lanes*, sería tamén unha posibilidade para a estandarización deste patronímico. Calquera desas tres formas (*Eanes*, *Anes* e *lanes*) poderían figurar nos rexestos.

2. A TOPONIMIA

A estandarización da onomástica medieval serve fundamentalmente para o seu uso nos rexestos, posto que nos índices (tanto toponímicos coma antroponímicos) adoita utilizarse a forma medieval¹⁰. A práctica cos nomes de lugar e os nomes de persoa require diferentes consideracións, como se exporá a seguir.

Na toponimia propónse a regularización pola forma moderna, segundo é a práctica usual nas demais linguas. Así, para o portugués, Costa (1993: 34), nas súas normas de transcripción, que adaptan para esa lingua de forma pomenorizada as da Commission International de Diplomatic (CID 1984). O mesmo ocorre para o español: “todas las normativas coinciden en utilizar los nombres propios de persona y lugar con sus equivalentes actuales en el caso de que éstos lo tuvieran” (López Villalba 1998: 295-6).

57

No caso de Galicia, contamos desde o ano 2003 co elenco das formas estándares dos nomes de lugar no *Nomenclátor de Galicia* (NG); non hai, por tanto, obstáculos para a súa regularización no que toca a toponimia maior moderna. Aínda así, observamos diversas anomalías nos rexestos das edicións das coleccións documentais galegas. Continuarei exemplificando con CDChantada. Nela, afirmase que

“siempre que sea posible, se adapta el vocabulario, antropónimos y topónimos a formas plenamente inteligibles y más asequibles al conjunto de la comunidad científica investigadora” (CDChantada 2016: 166).

¹⁰ Para os índices toponímicos cómpre citar a seguir a forma moderna do topónimo, tal como se dicía xa nas *Normas* do CSIC (1944: 13) e recolleu despois Costa (1993: 71). Véxase como exemplo destes criterios os índices de Doc-1260 (2009: 259-280).

O subliñado en cursiva é meu, porque en realidade descoñezo que é o que entenden os editores por intelixibilidade e accesibilidade, dado o tratamento que fan das formas onomásticas, como iremos vendo.

Nalgúns casos, os topónimos aparecen resaltados no rexesto (en letra redonda, porque estes breves sumarios adoitan ir en cursiva). Esta circunstancia adoita reservarse para os casos en que o lugar non ten correspondente moderno, ou non se coñece; no entanto, nesta colección, aínda que o teñan, nalgúns casos consérvase a forma medieval. Así ocorre cos seguintes (ordenados alfabeticamente):

Rexesto CDChantada	NG (forma moderna)	Localización (concello)
Andemyl (nº 156)	Andemil	Chantada
Çentulle (nº 42)	Centulle	Chantada
Joanin (nº 156)	Xoanín	Chantada
Villa Pedre (nº 139)	Vilapedre	(varios lugares no NG)
Villarfriio (nº 60)	Vilafrío	Rodeiro

58

Como se ve, a maior parte destes topónimos non presentan dificultades á hora da súa identificación, tendo en conta, para máis, que case todos se localizan na propia Chantada ou nos arredores e son formas ben coñecidas: non se entende por que se manteñen as formas arcaicas gráficas *Çentulle*, *Andemyl* ou *Joanin*, con grafemas que nin sequera pertencen ó actual alfabeto galego.

Por outro lado, aparecen sen ningún tipo de indicación tipográfica outras formas que poden coincidir coa forma medieval, pero non corresponden coa moderna.

Rexesto CDChantada	NG (forma moderna)	Localización (concello)
Agulfe (nº 39)	Axulfe	Chantada
Asperello (nº 162)	Asperelo	Rodeiro
Erige (nº 97)	Irixte	Monterroso
Goxeba (nº 175, 195, 224, 271)	Guxeva	Chantada
Jullán (nº 11)	Xillán	Chantada

Rexesto CDChantada	NG (forma moderna)	Localización (concello)
Nugueira (nº 12)	Nogueira	Chantada
O Oyvedo (nº 176)	O Eivedo	Monforte
Peracustoya (nº 11)	Paracosteira	Chantada
Perafita (nº 11)	Pedrafita	Chantada
Villaeigán (nº 118)	Beleigán	Sarria

Villaeigán correspóndese coa forma transcrita como *Villaeygan* e co moderno *Beleigán*; a relación con esta última pode non ser evidente, pero, amais do seu sospeitoso parecido e de localizárense na mesma área, foi tratado xa por Nicandro Ares (2012: 533), quen relacionou acertadamente a grafía *Veleigán* co seu étimo xermánico, *Villa Egicani*. Algo semellante se podería dicir de *Erige*, que así aparece no texto, pero que corresponde co moderno *Irix*, posiblemente de orixe xermánica, como suxire Santamarina (2008: 940-941) e parece avalar a documentación medieval, que desde logo descarta a súa relación co latín *ECCLESIA* (vg. *ECLESIA*). Ou de *Agulfe* (escrito *Agulffe* no texto), que se corresponde ó moderno *Axulfe*¹¹: na scripta medieval o grafema <g> podía corresponder en calquera contexto a unha consoante palatal sonora (hoxe xorda e grafada con <x>), como é o caso: recompoñer esta forma con <g> significa descoñecer esta característica da lingua medieval. Mencionarei por último a estraña modernización *Goxeba*, que aparece na documentación como *Gojeba* (agás no nº 271, onde se transcribe *Bogeba*), e actualmente é *Guxe*va (NG)¹². Por último, *Asperello*, *Peracustoya* e *Perafita* son formas antigas de topónimos doadamente localizables no NG.

Á vista destes casos, quizais non sexa superfluo falar da conveniencia de os editores de textos medievais manexaren o nomenclátor moderno e coñeceren os estudos toponímicos da área que están a tratar.

¹¹ Procede probablemente do nome de orixe xermánica *Agi-ulfus*, HGN 5.13, documentado no Tombo de Celanova como *Agigulfo* a.995.

¹² Méndez / Navaza (2004: 530) cren que debe vir de *Gudige*va, nome feminino de orixe xermánica (HGN 217.4)

Outro tipo de tratamento é a castelanización da advocación¹³. No NG indícase a carón do nome da parroquia a súa forma popular. Son nomes persoais que tiveron valor toponímico: nalgúns casos ese valor consolidouse e pasou a formar parte do topónimo (son os chamados haxiotopónimos) e noutros non, pero o nome do santo seguiu conservando a súa forma tradicional. Por tanto, parece claro que aquí tamén se debe seguir como criterio a proposta do NG. Ademais, na maior parte dos casos a forma medieval está a corroborala.

Rexesto CDChantada	Texto no documento	NG (forma moderna)	Localización (concello)
San Adrián de Moneixas (nº 85)	Santo Adrián de Moneixas ¹⁴	Moneixas (Santo Adrao)	Lalín
San Jorge de Çentulle (nº 42)	San Jurgo de Çengulle	Centulle (San Xurxo de Asma)	Chantada
San Juan de Lage (nº 114), San Juan de A Laxe (nº 139), Seoane da Lagea (nº 162), Seoane da Laxe (nº 215)	San Johan de Lagea, Sayoane da Llagea, Seoane da Legea, Sayoane da Lagea	Laxe, A (San Xoán)	Chantada
San Julián de Mourellos (nº 118), San Xiao de Mourellos (nº 306)	San Jullao de Mourellos, San Gillao de Mourellos	Mourellos (San Xulián)	O Saviñao
San Julián do Campo (nº 109)	San Jullao do Canpo	O Campo (San Xián)	Taboada
San Julián do Mato (nº 65, 162)	[San] Jullao do Mato, San Jullano ¹⁵ do Mato	O Mato (San Xillao)	Chantada
San Payo de Muradelle (nº 233)	San Payo de Moradelle	Muradelle (San Paio)	Chantada

¹³ Para a toponimia parroquial, véxase Navaza 2009.

¹⁴ É unha copia da que non se dan datos cronolóxicos, pero podería ser postmedieval polas características lingüísticas (castelanismos, non contracción das preposicións con artigos...), aínda que tamén poderían atribuírse ó tipo de edición. A forma máis usual na Idade Media era *Adrão*, cos resultados modernos no NG *Adrao* e *Adrán*, segundo a área dialectal (occidental ou central/oriental).

¹⁵ Esta forma insólita posiblemente se explique por desenvolveren os editores un til de nasalidade como *n-* intervocálico, demostrando o seu descoñecemento da lingua medieval. No que respecta ó tratamento nesta fonte do sinal de abreviación con valor de nasalidade vocálica, véxase Pichel (2016: 280).

Rexesto CDChantada	Texto no documento	NG (forma moderna)	Localización (concello)
Santa Eulalia de Licin (sic) (nº 146)	Sancte Eolalie de Lisin	Licín (Santalla)	O Saviñao
Santalla de Camba (nº 82)	Santa Vaya de Canba	Santa Baia de Camba	Rodeiro
Santa Olalla de Adá (nº 60)	Santa Oalla d'Adaa	Adá (Santa Baia)	Chantada
Santa Olalla de Perafitas (nº 11)	[non reproducen o texto]	Pedrafitas (Santa Baia)	Chantada

Suponse que o criterio seguido nestes casos foi a castellanización das formas onomásticas (o que está claro con *San Juan*), sen ter en conta as posibles variantes toponímicas para os derivados de *Georgius* (*Xurxo*), *Iulianus* (*Xillao*, *Xiao*, *Xián*), ou *Eulalia* (*Baia*, *Alla*). Para este último nome as opcións son incomprendibles: escríbese *Eulalia* no nº 146 cando o moderno é *Santalla*, pero no nº 60 e no 11 se opta por unha forma arcaica do castelán, *Olalla*, conservada na toponimia (en Burgos, Cantabria, Cuenca, Salamanca...), sen ter en conta a indicada no NG; ou escríbese *Santalla* no nº 82 cando a tradicional é *Santa Baia* e así o corrobora o propio documento (*Santa Vaya*). Por outro lado, óptase por *San Payo de Muradelle*, inexistente en castelán (correspondería a *San Pelayo*) e diverxente da forma moderna (*Paio*)¹⁶. A parroquia de San Xoán de Laxe aparece nos rexestos de catro formas distintas, con diversas formas medievais e modernas. Non hai sistematicidade na elección de formas galegas ou castelás, porque en ocasións si se reproduce a forma galega que corresponde, como *Santalla de Toiriz* (nº 54), *San Cristovo de Mouricios* (nº 95) ou *Santa Mariña de Chantada* (nº 115).

Por outra banda, ocorren alteracións por falta de acentos gráficos: *Fonteca* no rexesto do nº 87 corresponde en realidade a *Fontecá* (Monforte) e *Corneas* (nº 61, 135), é hoxe *As Córneas* (Chantada). Finalmente, vense castellanizacións hoxe un tanto inexplicables, como *Orense* (nº 20, 106, 111, 112, 155...) ou *Bonje* (nº 191, moderno *Bonxe*, no texto *Boonje*).

En definitiva, todas estas incongruencias e inexactitudes poderían resolverse tendo en conta os materiais dos que dispón o medievalista: en primeiro lugar, o NG, que proporciona o estándar da toponimia maior moder-

¹⁶ Un estudo desta forma en Navaza 1991.

na. Ademais, pode ser moi útil o coñecemento da microtoponimia; non está recollida toda a do territorio, pero pode consultarse a dispoñible para comprobar a forma dos nomes modernos na páxina web do Proxecto Toponimia de Galicia (PTG). E, por último, a consulta dos estudos toponímicos pode dar indicios para coñecer a evolución lingüística das formas e, por tanto, vincular as formas modernas coas medievais, dado que adoitan proporcionar atestacións antigas, imprescindibles para trazar a historia de cada forma.

3. A ANTROPONIMIA

Cando falaba da falta de regularización no que respecta ós apelidos (*Eanes/Anes...*) e ós topónimos (*Santalla/Santa Baia...*), o foco estaba posto no tratamento da antroponimia nos rexestos, pero agora cómpre ter en conta outro factor de distorsión: os criterios de edición. Desde hai tempo tense posto de manifesto a falta de atención ós aspectos lingüísticos dos editores de textos con intereses exclusivamente históricos, e non só por parte dos filólogos galegos. Así, por exemplo, Sánchez-Prieto Borja dicía sobre os textos casteláns:

señala el paleógrafo [Millares Carlo] que una transcripción adecuada no puede llevarse a cabo sin un conocimiento de la lengua De tal recomendación la mayoría de los historiadores han hecho caso omiso ... nada aportan, por otra parte, tales transcripciones al estudioso de la lengua por su falta de fiabilidad, la cual es consecuencia, más que de falta de atención, del desconocimiento de la lengua medieval (Sánchez-Prieto Borja 1998: 37-38)

Lamentablemente, en Galicia segue a ocorrer isto¹⁷, ata nas publicacións máis recentes, como a que serve de exemplificación para este tema, a CDChantada. Xa Ricardo Pichel puxo en evidencia a “moi descoidada atención ás particularidades da escrita e da lingua” (2016: 279), o método “acientífico de enfrontarse á edición de textos (sexa da lingua que for), con independencia de que o interese sexa histórico, paleográfico ou filolóxico” (2016: 281), e a “aplicación anárquica e desleixada duns criterios editoriais trasnoitados” (2016: 282), polo que non insistirei nisto, aínda que quero pór de relevo algunhas das súas consecuencias onomásticas.

¹⁷ Véxase unha avaliación das edicións documentais medievais en Boullón (2013a, 2017d). Quizais sexa conveniente clarear que tamén existen edicións con criterios axeitados tanto para os historiadores coma para os filólogos. Entre as aquí citadas, por exemplo, CDChouzán, CDStaCombaNaves ou Docs-1260.

Como é ben sabido, os nomes propios moi repetidos nos textos medievais adoitaban abreviarse. A maneira de desenvolver esas abreviaturas é crucial, porque dependendo de como se faga o resultado evidentemente variará. Por iso desde o punto de vista filolóxico se recomenda que os desenvolvementos (especialmente os susceptibles de teren varias interpretacións) se indiquen con letra cursiva. Se non se fai, non podemos ter constancia de que o que aparece no texto sexa responsabilidade do seu autor ou só do seu editor.

Por iso, o sorprendente *Lorenzo* que aparece no texto dos documentos nº 43 (ano 1322) e 84 (1348), é moi probable que en realidade sexa un desenvolvemento da abreviatura <lº>, máxime cando no primeiro deles aparece tamén a forma *Lourenço* (quizais escrito no documento con tódalas letras). Tamén podemos supoñer para *Peláez* (nº 23, 33), en vez de *Páez*, a abreviatura <plz> (con sinal de abreviación por riba), e para *Miguélez* (así no rexesto do nº 77, e no texto do 85; ou *Migelles* 77, *Migelez* 36, 37 / *Miguelles* 39) a abreviatura <mgl> ou semellante; as formas modernas correspondentes son *Miguez* ou *Miguéns*, dependendo da área xeográfica¹⁸. Por outro lado, os abundantísimos *Martínez* ou *Martines* (que así aparecen tamén nos rexestos), deben corresponderse coas abreviaturas <mz>, <ms>, <mrz>, <mrs>, <mrt>, <mart>, por só citar algunhas das moitas que poden aparecer na documentación¹⁹; para este apelido, as formas galegas que propón a Academia (RAG 2016) son *Martís*, *Martiz* e *Martíns*.

63

Pois ben, para solucionar estes problemas e seguir a práctica común de usar os nomes modernizados, o máis doado é coñecer as referencias existentes para as formas estándares dos nomes e apelidos modernos, que seguen a actualización gráfica que propoñen as normas oficiais (NOMIG) coas especificidade que presenta o material onomástico²⁰. Son as seguintes:

- Para os nomes propios: *Diccionario dos nomes galegos* (DNG; edición abreviada, *O teu nome*, Vigo: Ir Indo, 1994). Os nomes contidos nestas dúas

¹⁸ *Miguéns* é propia da zona occidental, con maior incidencia arredor das Ría de Arousa e Muros e Noia, nunha zona compacta ata Santiago e A Estrada, polo leste (véxase a CAG).

¹⁹ Sempre con sinal de abreviación por riba. Eu teño contabilizadas ata catorce: vid. Boullón (2006: 249), onde se inclúen, amais das diferentes abreviaturas, os mapas da distribución actual do apelido *Martís* e dos topónimos (Os) *Martices*.

²⁰ Pois, a diferenza do léxico común, e en boa parte coincidindo cos criterios para a estandarización da toponimia, considéranse as variantes dialectais (-án/-ao, plural -ás/-ais), as grafías arcaicas (*Boo*, *Caamaño*) e outras peculiaridades: véxase Boullón 2009.

obras foron aprobados explicitamente pola RAG, que é a autoridade oficial para a materia normativa. Tamén é recomendable, en xeral, para as hipóteses etimolóxicas.

- Para os apelidos, o libriño da Academia galega que dá as *Orientacións para a súa normalización* (RAG 2016), de descarga libre na rede. Neste texto, amais de presentar as formas dos 1.500 apelidos máis frecuentes (o que supón un 90% da porcentaxe da poboación), ofrécese un listado das equivalencias ó castelán dos apelidos que foron traducidos ou deturpados.

3.1. Antroponimia en documentos escritos en latín

Agora ben, hai moitos nomes e apelidos que non chegaron ata hoxe, especialmente da Alta Idade Media e, por tanto, carecen de forma moderna. Para estes a proposta común, tanto nos textos portugueses (Costa 1993: 34) coma nos españois²¹, é indicalos nos rexestos tal e como figuran no texto con algún tipo de resalte gráfico (uso de cursivas, comiñas, etc.). De todas formas, na práctica editorial non sempre se segue esta recomendación: ás veces modernízanse os nomes, ás veces os apelidos, e os patronímicos en *-iz* actualízanse en *-ez* (aínda que non subsistisen na actualidade) ou non.

64

Desde logo, deixar os nomes tal e como aparecen é mellor práctica cá de traducilos a outra lingua, pero tamén pode presentar dificultades á hora de sistematizalos ou de construír índices. Por isto considero máis útil propor unha reconstrución que regularice nunha forma para o nome persoal e outra para o patronímico. E, dado que é imposible neste traballo facer unha relación de tódolos nomes que poden aparecer na documentación, exporei unhas pautas para efectuar esa regularización. Previamente, está claro que a escrita coa ortografía moderna comporta modificacións das formas medievais por mor do cambio de sistema gráfico (por exemplo, inexistencia no alfabeto moderno de <j> ou <g+e,i>, ou de <ñ> no latino), as normas modernas de acentuación e o uso de maiúsculas. Pero, á parte disto, hai diferentes situacións que cómpre atender diferenciadamente.

²¹ Así o recolle López Villalba 1985: 295-6, cando analiza os criterios para os textos castelás. Así se propuña tamén na Commission Internationale de Diplomatique (CID 1984). En CHARTA, ultimamente (versión abril de 2013), proponse escribilos “tal y como se muestran en la presentación crítica (según la primera aparición en romance)” (<https://www.redcharta.es/criterios-de-edicion/>). Coido que esta opción dá lugar tamén a moitas incoherencias á hora de escribir un mesmo nome.

3.1.1. Nomes ou apelidos que hoxe non existen

Os nomes altomedievais que non subsistiron (en gran medida de orixe etimolóxica xermánica)²² presentan nos textos diversos graos de romanceamento. Os problemas que suscita a opción de manter literalmente a forma presente no documento son evidentes: modernízase o nome propio e déixase o patronímico coa forma latinizada? Daquela, o resultado é un híbrido, en parte romance e en parte latino (ou pseudolatino). E ademais, cal das diversas formas latinizadas que poida presentar? Que fórmula patronímica se escolle? O xenitivo ou unha das formas do sufixo? Un exemplo:

Veremudo *Ataniciz* 11.1084 TCaaveiro 325; Iohannes *Ataniz* 11.1091 TCaaveiro 330; Guina *Ataniz=Athaniz* 12.1126 TCaaveiro 387; Froyla *Ataniit* 12.1132(s.13) CDXubia 79; Froyla *Atani* 12.1144(s.13) CDXubia 84; Froyla *Atanides* 12.1155 TSobrado II 452

Se para o primeiro caso se presenta no rexesto *Vermudo Ataniciz*, o segundo, da mesma fonte e case coetáneo, figuraría como *Xohán Ataniz*? Na terceira cadea o patronímico presenta un *h* non etimolóxico. Son simplemente variantes da mesma forma, polo que parece lóxico optar por unha regularización. Pero nese caso, cal delas? Habería que decidir se se opta pola que presenta o xenitivo ou o sufixo patronímico, que nos exemplos expostos é *-iciz*, *-iz*, *-it*, e mesmo o de inspiración grega *_ides*, pero que tamén podería ser *-izi*, *-ici*, *-ez* ou *-es*²³. E, por outra banda, a raíz pode presentar diversos graos de romanceamento, e o nome diversos casos da flexión latina. No Apéndice de formas que se inclúe ó final deste traballo²⁴, hai nomes e patronímicos que poden presentar un número apreciable de variantes (*Alvito*, *Alderredo*, *Leovexildo*, *Guillulfo*, *Eileuva*, *Godesteo*...), chegando ata 30 (*Odoario*, *Sueiro*).

65

Considero, por tanto, a modernización das formas altomedievais o procedemento que contribúe de maneira máis eficaz a resolver eses problemas. Claro é que isto tampouco deixa de levantar outros, que se procuraron resolver do xeito máis coherente e conservador posible. Á hora de decidir

²² Para os cales a referencia imprescindible é o *Hispano-gotisches Namenbuch* (HGN).

²³ Para a cronoloxía e variación das fórmulas patronímicas na Galicia altomedieval, vid. Boullón 1995, onde se comentan todas estas variantes.

²⁴ A información tírase da base de datos antroponímica medieval da Sección de Onomástica do Instituto da Lingua Galega, que contén preto de 50.000 cadeas onomásticas, tiradas na súa maior parte de fontes ecdoticamente fiables.

tivéronse en conta, amais das propias formas presentes nos textos, os seus resultados nos numerosos topónimos de posesores²⁵, que nos dan os indicios máis claros da evolución delas, e as formas modernas dos apelidos.

Na reconstrución dos nomes pártese de formas romanceadas, primando a semellanza co étimo. Por exemplo, nos nomes bitemáticos xermánicos que poden presentar dous resultados, tanto nos nomes medievais coma nos topónimos modernos:

- *mundus/-mondo* ⇒ *-mundo* (topónimos modernos *Contimunde*, *Freitemunde*, *Estramundi...* / *Baamonde*, *Friamonde*, *Gueimonde*, *Ximonde...*)²⁶.
- *sindus/-sendus* ⇒ *-sindo* (topónimos modernos *Recesindes*, *Sinde/Aldosende*, *Esposende*, *Gomesende*, *Gosende*, *Ousende...*).

Este criterio non se aplica para os nomes que seguen hoxe en uso, caso en que se escolle a forma moderna, como *Ramiro*, *Rodrigo*, *Rosendo*, correspondentes a *Ranemirus*, *Rudericus*, *Rudesindus*, nos textos latinos.

Para a interpretación de <g+e,i> dos étimos xermánicos considérese e evolución nos topónimos, tendo en conta que pode haber evolucións diverxentes a partir do mesmo étimo. Por exemplo, no tema de orixe xermánica *Sege-* (HGN 237), os topónimos modernos *Seilán* e o port. *Samonde* remiten a unha pronuncia oclusiva (polo que se propón *Ségula* e *Seguemundo*, respectivamente). Pero, coa mesma raíz, *Sexeriz* e *Sixirei* indican que a pronuncia fricativa actual remonta a unha africada (e de aí *Sexerico* e *Sexeredo*).

66

3.1.2. Nomes con evolucións romances

Algúns nomes non sobreviviron hoxe pero foron fecundos na Baixa Idade Media, isto é, presentan unha forma romance consolidada. Neses casos propónse regularizar a partir desas formas medievais.

Eldonza ⇐ *Aldonça*, *Aldonca*, *Aldoncia*, *Aldonza*, *Alloncia*, *Alduncia*, *Eldonca*, *Eldonça*, *Eldoncia*, *Eldonçia*, *Eldontia*, *Eldonza*, *Eldonzia*, *Eldoza*, *Heldoncia*, *Illdonce*, *Illdoncia*, *Illdontia*, *Illdontie*, *Illdonza*, *Illdonzia*, *Illdonziae*, *Illduncia*, *Illduntia*
Acenda ⇐ *Adosenda*, *Adosinda*, *Adusenda*, *Audsinda*, *Ausenda*, *Ausimda*, *Adonsinga*, *Ausinda*, *Azeda*, *Azenda*, *Azêda*, *Azendam*.

²⁵ Para os de orixe latina, véxase Piel 1947, e para os de orixe xermánica, o xa citado HGN.

²⁶ Para a relación total destes antropotopónimos e o mapa da súa distribución territorial, vid. Boullón 2013b: 38-39.

Neste último caso²⁷, como se ve no gráfico 5, o nome, do que hai un total de 133 ocorrencias na nosa base de datos, non pasou do séc. XIII, e aquí coa forma máis evolucionada. Parece razoable que o masculino presente a mesma forma (aínda que non fose igualmente popular na Baixa Idade Media):

Acendo $\Leftarrow$ Adosindus, Adosendo, Ausendus




Gráfico 5: Evolución das variantes do nome Acenda na Idade Media

3.1.3. Patronímicos

• Con sufixo -ez

67

Nos textos altomedievais os patronímicos estaban expresados por medio do xenitivo ou con diferentes sufixos, que actualmente presentan a forma *ez*, agás uns poucos casos en que a evolución fonética modificou ese resultado, como en *Martís* (patronímico de *Martinus*), *Miguéns* (de *Michael*), *Pais* (de *Pelagius*) ou *Xiance* (de *Iulianus*).

Moitos deses nomes altomedievais non chegaron ata hoxe como nomes persoais nin como apelidos, aínda que algúns si deixaron descendentes toponímicos (topónimos de posesores) a partir da forma en xenitivo (e estes á súa vez se converteron en apelidos: cf. *Brandariz*, *Mouriz*, *Sande*, *Rosende*, etc.)²⁸. Agora ben, eses apelidos modernos, que comparten a mesma base léxica, proceden dos topónimos, isto é, non son descendentes directos dos patronímicos altomedievais. Por tanto, non se poden establecer como mo-

²⁷ Pese a que son consciente de que hoxe aínda se usa *Adosinda* como cultismo (60 persoas en 2018: vid. IGE-nomes), penso que é máis fiel á época escoller a forma alí empregada. No gráfico xuntáronse as variantes casuais e as rematadas en *-sinda/-senda*.

²⁸ Véxase ese proceso en Boullón 2017c.

delo, aínda que se terán en conta á hora de comprobar a evolución concreta do nome. Así pois, propónse unificar as variantes dos procedementos patronímicos co moderno sufixo *-ez* (como é o caso de *Caxídez*, *Alvítez*, *Ermexíldez*, *Lecénez* e outros indicados no apéndice).

A excepción a esta norma xeral son os nomes que xa na Idade Media presentaban unha forma patronímica consolidada sen sufixo (como se explica no seguinte apartado).

• *Patronímicos modernos sen sufixo*

Algúns dos patronímicos que na Alta Idade Media se expresaban con sufixo (*Afonsiz*, *Amiguiz*, *Citiz*, *Cristouanit*) acabaron consolidándose sen el, razón pola que se propón unha forma patronímica idéntica ó nome propio. É o caso de *Afonso*, *Lourenzo* (posiblemente por causas fonéticas), *Amigo*, *Troitiño* (por coincidencia coas voces correspondentes do léxico común), *Cide*, *Cristovo*, *Cibrán*, *Nicolao*, *Pascual*, *Simón*, *Osorio*, *Xusto* (por consolidárense como patronímicos cando o sistema xa non estaba en vixencia).

• *Imparísílabos con xenitivo -nis (caso réxime -ne)*

Na antroponimia de orixe xermánica o tipo flexional *-o*, *-onis*, que xa existía en latín (*Nero*, *-onis*), fíxose frecuente nos nomes altomedievais de Galicia, non só nos de procedencia xermánica, senón tamén nos doutras orixes (*Munnio*, *Enneco*, *Donno*). Unha conxugación paralela tiña os nomes masculinos de orixe xermánica rematados en *-a* e os que portaban certos sufixos hipocorísticos, como o masc *-ila* (con paralelo no feminino *-ilo*), tipo *Sándila* - *Sandilanis* (de onde o topónimo moderno *Sandíás*). Hai que ter en conta tamén que o caso acusativo, *-ānem*, pasou a afirmarse como caso xeral e deixou tamén moitos descendentes toponímicos: de *Atta*, o topónimo *Atán*, ou de *Fáfila*, *Fafián* (vid. Piel 1989: 157-8). E, finalmente, moitos dos antropónimos xermánicos foron adaptados á segunda declinación latina (nominativo *-us*, xenitivo *-i*). Como consecuencia destes procesos, atopamos o mesmo nome flexionado con modelos diferentes. Así, *Sando* presenta patronímicos co sufixo segundo a segunda declinación latina (*Sandici*, *Sandiz*), ou mediante o caso oblicuo da declinación xermánica (*Sandone*), e este tamén acompañado do sufixo patronímico (*Sandoniz*, *Santoniz*). Na serie en *-a* ocorre o mesmo: *Visterla* pode expresar o patronímico mediante o xenitivo co caso réxime (*Visterlani*), co sufixo a partir do nominativo (*Visterlaz*, *Guistelaz*), ou acompañando o caso réxime (*Bestirlanez*). Consecuentemente, os topónimos descendentes deses nomes de

posesores poden presentar ambos e dous modelos: así, *Godón* procede de *Godo* (polo caso réxime da declinación xermánica) e *Gude* de *Gudo* (pola segunda declinación latina).

Temos que ter en conta estas particularidades flexionais á hora de propor unha regularización, e tamén o feito de que, se ben moitos deles presentan derivados toponímicos propiamente romances, as formas patronímicas altomedievais non son o antecedente inmediato dos apelidos modernos, xa que estes proceden de topónimos orixinados no xenitivo dun nome persoal (os chamados *topónimos de posesores*).

A partir destas consideracións, a regularización proposta baséase para o nome no nominativo altomedieval, e para o patronímico no caso réxime máis o sufixo *-ez*, e non o xenitivo, dado que o sufixo é a maneira máis transparente de expresar a vinculación patronímica. A partir deste criterio xeral, tamén se teñen en conta as formas medievais máis frecuentes, cunha tendencia habitualmente conservadora (con tendencia a mante-la forma máis próxima ó étimo), posto que así se mantén a vinculación entre os distintos descendentes da mesma raíz xermánica. Pero hai que considerar que os criterios xerais sempre poden ser modificados por casos particulares, dependendo da historia de cada forma.

69

Algúns exemplos: *Ata-Atáñez*, *Bérila*, *Brándila*, *Cendo-Cendóñez*, *Gúndila-Gundilanez*, *Mido-Midóñez*, *Guítiza*, *Tedón-Tedóñez*, *Téquilo* e outros, que se poden ver no apéndice coas variantes medievais e a referencia bibliográfica (fundamentalmente, do HGN). Como se ve, unha vantaxe da acentuación moderna é que permite coñecer a acentuación esdrúxula de moitos nomes de orixe xermánica.

3.2. Antroponimia na documentación romance

3.2.1. Nomes e apelidos con varias formas distintas na actualidade

Algúns nomes e apelidos que na Idade Media podían ser meras variantes (isto é, apareceren varias para denominar a mesma persoa), hoxe son apelidos distintos:

Arias/Airas/Aras

André/Andreu/Andrés

Anes/Eanes/Enes/lanes/Oanes

O editor poderá elixir algunha delas en función da forma concreta da área xeográfica do documento (*Páez/Pais/Paz, Tomé/Tomás*), consultable na CAG, ou a que estea presente no texto. Pero, como se advertiu antes, é conveniente que a mesma persoa se nomee sempre coa mesma fórmula antroponímica.

3.2.2. Léxico común con descendentes diverxentes nos apelidos

Algúns apelidos procedentes de voces comúns teñen hoxe forma diverxente nos apelidos e no léxico. Proponse regularizar polas formas comúns presentes nos apelidos modernos, coma nos exemplos expostos:

Apelido moderno	Formas medievais	Léxico común moderno
<i>Esturao</i>	<i>Asturao, Asturano, Asturiaao, Asturiano, Asturaao, Asturianus, Esturiano</i>	<i>asturiano</i>
<i>Boo</i>	<i>Boo, Bõo, Bonus, Bono</i>	<i>bo</i>
<i>Cao</i>	<i>Cão, Cãao, Caao, Cao</i>	<i>cano</i>

70

3.2.3. Sobrenomes femininos por concordancia

Moitos sobrenomes susceptibles de ter variación xenérica, tanto patronímicos como delexicais, presentaban concordancia se ían cun nome feminino. Proponse manter esa concordancia, aínda que non chegase ata hoxe, por constituír unha característica da antroponimia medieval.

Concordancia de sobrenomes	
Forma masculina	Forma feminina
<i>Afonso</i>	<i>Afonsa</i>
<i>Albelo</i>	<i>Albela</i>
<i>Besteiro</i>	<i>Besteira</i>
<i>Boo</i>	<i>Boa</i>
<i>Branco</i>	<i>Branca</i>
<i>Preto</i>	<i>Preta</i>
<i>Xaneiro</i>	<i>Xaneira</i>

3.2.4. Formas curtas dos prenomes

Como norma xeral escolleranse as formas plenas para os rexestos (cf. *Fernán Martís* ⇒ *Fernando Martís*). As excepcións constituiranas casos específicos, como personaxes moi coñecidos que chegasen ata hoxe coas formas curtas (como o poeta *Bernal de Bonaval*).

► CONCLUSIÓN

A castelanización parcial que sufriu a antroponimia galega a partir do século XVI, xunto cos criterios de edición de textos medievais que non teñen en conta as características lingüísticas dos textos galegos (e trátanos como se fosen españois), levou a unha castelanización retroactiva dos nomes medievais, tanto de personaxes históricos como dos protagonistas dos documentos notariais. Por iso, e para homoxeneizar os criterios de edición dos documentos galegos cos das restantes linguas, a modernización dos nomes dos personaxes da nosa documentación farase en galego.

Na liña de atopar un compromiso entre os distintos tipos de edición que propuxo o Consello da Cultura Galega, este traballo propón unhas liñas xerais para a estandarización dos nomes medievais, tanto para utilizar nos rexestos da documentación coma para nomear os personaxes da nosa historia medieval. Os criterios manexados son varios, e a súa utilización dependerá da historia de cada forma. Velos aquí:

- Adaptación as normas ortográficas modernas (NOMILGa), coas especificacións morfolóxicas que presentan os apelidos.
- Homoxeneidade co resto dos membros da familia etimolóxica.
- Preferencia pola forma máis conservadora.
- Consideración da forma do topónimo e/ou apelido moderno.
- Regularización polo sufixo patronímico –ez.

En definitiva, o exposto aquí é unha proposta que simplemente tenta sistematizar algúns criterios; é o editor quen ten que decidir cal é a forma precisa en función das características específicas dos seus textos, partindo sempre da forma galega moderna. Agardo, en todo caso, que poida constituírse como punto de partida para a reflexión e a estandarización efectiva dos nosos nomes medievais.

► APÉNDICE: RELACIÓN DE FORMAS ESTANDARIZADAS DOS NOMBRES MEDIEVAIS

Inclúese aquí unha relación das formas normalizadas, ordenadas alfabeticamente e con inclusión dos topónimos que os nomes deron lugar a partir do xenitivo. A relación non é exhaustiva, nin dos nomes medievais nin dos topónimos xerados, pero permiten exemplificar os criterios que se foron debullando no capítulo 3. Para a información etimolóxica, poden consultarse o DNG ou Boullón (1999) complementariamente ás referencias indicadas en cada nome.

A

Acenda (nome f.) ← *Adosenda, Adosinda, Adosinde, Adusenda, Audsinda, Ausenda, Ausimda, Adonsinga, Ausinda, Azeda, Azenda, Azēda, Azendam* (HGN 3.18).

Acendo (nome m.) ← *Ausendus, Adosindo, Adosindu, Adosindus* (HGN 3.19).

Adólfex (pat.) ← *Adaulfi, Adaulfici, Adaulfiz, Addaulfiz, Addaulfizi, Adulfi, Adulfiz, Aulfiz*.

Adolfo (nome m.) ← *Adaufi, Adaufu, Adaulfi, Adaulfo, Adaulfu, Adaulfus, Addaulfo, Addaulfus, Adulffo, Adulfi, Adulfo, Adulfu, Adulfus, Audulfus, Aulfo, Aulfus* (tops. mod. *Adoufe, Adufe, A Ulfe*, HGN 3.23).

Afonso (nome m. e pat.) ← *Adeffonsiz, Adefonsi, Adefonsiz, Adefonso, Adefonsu, Adefonsus, Affonso, Affonsi, Affonso, Affonso, Afonso, Afōso, Afonsi, Afonsiz, Afonso, Afonso, Afonsu, Afonsus, Aldefonsi, Aldefonsiz, Aldefonsus, Aldefonso, Alffonsi, Alffonso, Alffonssi, Alfonsi, Alfonse, Alfonsis, Alfonsiz, Alfonso, Alfonsus, Allfonso, Allfonso, Anfonsi, Anfonso* (tops. mod. *Afonxe, Alfonxe* HGN 3.5).

Albela/Albela (fem.) ← *Alvello, Aluelu, Aluelo, Aluello, Alluello, Albello / Aluela*.

Alderédez (pat.) ← *Alderetiz, Alderitiz, Aldetiz, Aldoetiz, Aldoretiz, Aldoritiz, Aldretiz, Alduriati*.

Alderredo (nome m.) ← *Alderredo, Alderedus, Aldereti, Aldereto, Alderetrum, Alderetus, Al-doietro, Aldoretus, Aldoriti, Aldreto, Aldretum, Aldretus, Aldiretus* (top. mod. *Al-drei*, HGN 9.6).

Alvitez (pat.) ← *Alvitez, Alviti, Aloiti, Aloite, Aloitit, Aloitiz, Aluitit, Aluitiz*.

Alvito (nome m.) ← *Albito, Aloiti, Aloito, Aloitos, Aloittus, Aloitu, Aloitus, Alouiti, Aloyti, Aloytius, Aloyto, Aloytu, Aloytus, Aluicto, Aluiito, Aluiti, Alvito, Alvitu, Alvitus, Eloitus* (top. e ap. mod. *Alvite*, HGN 6.18).

Amigo (nome m. e pat.) ← *Amici, Amicum, Amicus, Amigit, Amigiz, Amigo, Amiguiz, Amiguiz, Amigus, Amikiz, Amingit, Amiquiz*.

Antenato (nome m. e pat.) ← *Antenato, Antenadus, Anteadu*.

Arxemírez (pat.) ← *Argemiriz, Argimiriz, Argimirizi*.

Árxilo (nome f.) ← *Argio, Argilo, Argilon, Argilonem, Argelo* (HGN 22.21).

Ata (nome m.) ← *Atanem, Atan* (top. mod. *Atán*, HGN 28.6).

Atáñez (pat.) ← *Atane, Atani, Atanci, Atanici, Atanides, Ataniit, Ataniz, Athanit, Athayci*.

Áxila (nome m.) ← *Agila, Aila, Agilane, Ailani* (top. mod. *Aián*, HGN 5.16).

Axiláñez (pat.) ← *Ailani, Agila, Agilaz, Agilez, Agilane*.

B

Baltárez (pat.) ← *Baltariz, Baltarici*.

Balteiro (nome m.) ← *Baltari, Baltario, Baltarium, Baltarius, Balteiru, Balterio* (top. e ap. mod. *Baltar, Balteiro*, HGN 37.1).

Beica (nome m.) ← *Begica, Begicani* (HGN 42.3).

Beicaz (pat.) ← *Beicaz, Begicaz, Beicani, Beigat, Beikani, Beikaz*.

Bera (nome m.) ← *Bera, Berane* (top. mod. *Berán*, HGN 43.14).

Bérila (nome m.) ← *Berila, Berilane* (top. mod. *Berlán*, HGN 43.17).

Berilde (nome f.) ← *Berilli, Berili, Berildi* (HGN 43.5, tops. mod. *Brille, Varille Boullón* 2017c: 40).

Brándila (nome m.) ← *Brandia, Brandilla, Brandilani* (tops. mod. *Brandián, Brandia*, HGN 49.14).

Brando (nome m.) ← *Brandonis* (HGN 49.6).

Brandón (pat.) ← *Brandoniz, Brandon*.

Bráulez (pat.) ← *Braoliz, Braolici, Braolit*.

Braulio (nome m.) ← *Braulio, Braoliu, Braolivs, Bruolio*.

C

Caxídez (pat.) ← *Cagidici, Cagitiz, Kagidiz, Kagitici, Kagitiz, Kaidiz, Kaitiz, Kegiti*.

Caxido (nome m.) ← *Kagidus, Kagitiz, Kagito, Kagitus, Cagita, Cagit, Cagito, Cagitu, Cagitus, Kegidi, Kegido* (top. e ap. mod. *Caxide*, HGN 160).

Cendo (nome m.) ← *Cindo, Cendon, Cendone* (top. mod. *Cendón*, HGN 162.8d).

Cendón (pat.) ← *Cendon, Cendoniz, Centiz*.

Cesárez (pat.) ← *Cesariz, Cesar*.

Cesáreo (nome m.) ← *Cesarius, Cesario* (top. e ap. mod. *Cesar*, Piel 1947: § 84).

Cibrán (nome m. e pat.) ← *Cibrao, Cibran, Cibraet, Cipriani, Ciprianit, Ciprianz, Cipriano*.

Cide (nome m. e pat.) ← *Çide, Cidi, Cidit, Cidiz, Cite, Citi, Citiz, Citizi, Zitiz, Zítizi*.

Cristovo (nome m. e pat.) ← *Christofori, Christoforices, Christouaet, Christoualiz, Cristouanit, Cristofori*.

D

Dono (nome m.) ← *Donno, Donnon, Donon* (top. mod. *Donón*, HGN 68.3c).

Donón (pat.) ← *Donon, Donnon, Dononiz, Donnoniz*.

E

Eica (nome m.) ← *Eica, Eika, Eicha, Eicanem, Egecani, Egica, Egika* (HGN 70.11).

Eicaz (pat.) ← *Eikani, Egiganez, Egikaz, Eicat, Eicaz, Eikaz*.

Eileuva (nome f.) ← *Aeliuba, Aileoua, Aileuua, Eileoui, Eileova, Eileua, Eileuva, Eleuua, Elevua, Elieuua, Eyleova, Eyleua, Eyleuba* (HGN 5.6).

Eldonza (nome f.) ← *Aldonça, Aldôça, Aldôza, Aldonca, Aldoncia, Aldonza, Alloncia, Alduncia, Eldôça, Eldôza, Eldonca, Eldonça, Eldonce, Eldoncia, Eldonça, Eldontia, Eldonza, Eldonzia, Eldoza, Heldoncia, Ildonce, Ildoncia, Ildontia, Ildontie, Ildonza, Ildonzia, Ildonziae, Ilduncia, Ilduntia* (HGN 150.10b).

- Godo (nome m.) ← *Goto, Godo, Godon* (top. mod. *Godón*, HGN 146.33b).
- Goldregodo (nome f.) ← *Goldregodo, Goldregodu, Goldregote, Guldegrado, Guldregudu, Guldregodo, Goldragotoni, Goldregotoni*.
- Gonta (nome m.) ← *Gonta, Gontan, Gontani* (top. mod. *Gontán, Gontá, Gondán*, HGN 145.44a).
- Gontánez (pat.) ← *Gontaz*.
- Gontixio (nome m.) ← *Gontigio, Gontigius, Guntigius* (HGN 145.40).
- Gudilo (nome f.) ← *Gutilo, Gudolonis, Gudilonem* (HGN 146.37).
- Gudo (nome m.) ← *Goth, Gudi, Gudo, Gudu, Guto, Gutu, Gutum, Gutus* (top. mod. *Gude*, HGN 146.33c).
- Guillúfiez (pat.) ← *Uiliulfiz, Uilulfiz, Viliulfiz, Vilufiz*.
- Guillulfo (nome m.) ← *Giliulfo, Guiliulfo, Guillulfus, Guilvfo, Uiliulfo, Uiliulfo, Viliulfo, Viliulfos, Viliulfus, Villulfus, Vilulfo, Vilulfus, Vviliulfus* (tops. mod. *Guillufe, Guillurfe* (HGN 302.22)).
- Guímara (nome m.) ← *Gimara, Guimara, Guimare, Guimari, Uimare, Vimara, Vimarani* (tops. mod. *Guimarás, Guimarás, Guimerás*, HGN 304).
- Guimaránez (pat.) ← *Gimarat, Gimaraz, Guimaraci, Guimaraz, Guimariz, Uimariz, Uimarizi, Vimaraz, Vimarazi, Vimarani*.
- Gúndila (nome m.) ← *Gundila, Gondila, Guntilla* (tops. mod. *Gundiás, Gundiñáns, Gundián, Gundiá, Guntián* (HGN 145.48)).
- Gundilánez (pat.) ← *Gundilani, Guntilani*.
- Gúndilo (nome f.) ← *Gundilo* (HGN 145.50).
- Gundixeua (nome f.) ← *Gundigeua* (HGN 145.10).

I

- Ildefrédez (pat.) ← *Ildebreiz*.
- Ildefredo (nome m.) ← *Eldebreido, Eldebredus, Eldefredus, Eldeuredus, Ildebredus, Ildefredo, Ildefredus, Illeoberedus, Illeodefiredus* (HGN 150.6).
- Íquila (nome m.) ← *Iquila, Ikila, Ikia, Yquila, Ykila, Yquilani, Hiquila* (HGN 149.5b).
- Iquilánez (pat.) ← *Iquilanem, Iquilanez, Iquilaz, Ikilaz*.

L

- Lecénez (pat.) ← *Leceniz, Lecenniz* (nome med. *Lecenio* < lat. *Laetinius*).
- Leovexíldez (pat.) ← *Leogildiz, Leouegildi, Leouegildiz, Leouigeldi, Leouildi, Leovegildi, Leovegildiz, Louegildi, Louegildici, Louegildiz, Lovegildiz*.
- Leovexildo (nome m.) ← *Leouegedo, Leovagildus, Leovegildi, Leovegildo, Leovegildu, Leovegildus, Leoveildo, Leovigildo, Leovigildus, Louegildi, Louegildus, Louigildo, Lovegildo, Leobegildu* (tops. mod. *Novexilde*, HGN 169.2, *Nuxilde*, Ares Vázquez 2013: 795, *Luxilde*, Ares Vázquez 2013: 943).
- Lourenzo (nome m. e pat.)/Lourenza (nome f.) ← *Laurêço, Laurêzo, Laurenci, Laurencii, Laurencij, Laurencij, Laurencio, Laurencius, Laureço, Laurenti, Laurentii, Laurentio, Laurentius, Laurenzo, Lourêce, Lourêço, Lourêzo, Laurencij, Lourenco, Lourenço, Lourenso, Lourentio, Lourenzio, Lourenzo, Lourenzu/Lourenza*.
- Lucídez (pat.) ← *Lucide, Lucidiz, Lucitiz* (nome med. *Lucido* < lat. *Lucidus*).
- Luz (nome m. e pat.) ← *Luciz, Luci, Luce* (nome med. *Luzo, Luz* < lat. *Lucius*).

M

Mánila (nome m.) ← *Manila, Manilla, Manillanem, Menilani* (tops. mod. *Meilá, Meilán, Meilás, HGN 177.18*).

Maniláñez (pat.) ← *Manilani, Manillani, Manlaniz, Manilazi*.

Mido (nome m.) ← *Mido, Mito, Mitone, Mittoniz, Miton, Midon, Mitoni* (tops. mod. *Midón, Midoi, Mido HGN 187a*).

Midóñez (pat.) ← *Midoniz, Mitoniz, Mitoni, Mittoniz, Mitiz, Mitizi, Mittiz*.

Miguez/Miguéns (pat. de Michael) ← *Micaeli, Micaelis, Micaeliz, Micaheli, Micahelis, Micaheliz, Michael, Michaeli, Michaelici, Michaelis, Michaeliz, Michaelis, Michaelis, Michaelz, Micheliz, Migael, Migaelet, Migahelis, Migaheliz, Migalez, Migeelles, Migees, Migeet, Migeez, Migeiz, Migeles, Migelez, Migelles, Migellez, Migens, Miges, Migez, Mighele, Mighelez, Migiz, Miguees, Migueez, Migueles, Miguelez, Miguellas, Miguellez, Migueles, Migueyz, Miguiez, Mjngeez*.

Miro (nome m.) ← *Miro, Miron, Mirone, Mironi* (tops. mod. *Mirón, Mirós HGN 185.6b*).

Miróñez (pat.) ← *Mironiz, Mironz, Mironzi, Miri, Miriz, Mirit*.

Morgádez (pat.) ← *Mourgadiz, Morgatiz*.

Morgado (nome m.) ← *Maurecatus, Mauregato, Morecadus, Morecatus, Moregatus, Moregatus* (top. mod. *Morgade, Piel 1947 § 241*).

Munio (nome m.) ← *Monio, Munio, Monnio*.

Muñiz (pat.) ← *Monionis, Muneonis, Munione, Munioni, Munionis, Munionj, Munionici*.

N

76

Nicolao (nome m. e pat.) ← *Nicholao, Nicholas, Nicholaus, Nicolao, Nicolao, Nicolas, Nicholaus, Nycolao, Nycolay, Nicolaaez, Nichola, Nichole, Nicolaes, Nicola, Nicole*.

Núñez (pat.) ← *Nunonis, Nunonis, Nunoiz, Nuniz, Nunniz, Nunis, Nunez, Nunes, Nunionis, Nunci, Nunides*.

Núnila (nome m.) ← *Nunila* (top. mod. *Noilán, Nullán, HGN 196.1*).

Nuniláñez (pat.) ← *Nunnilani*.

Nuno (nome m.) ← *Nunionis, Nunneonis, Nunno, Nuno, Nunois, Nunone, Nunonem, Nunoni, Nunonis*.

O

Odoárez (pat.) ← *Hodoarici, Hodoarii, Hoduariz, Oares, Oarez, Oarici, Oarii, Oariz, Odarici, Odarii, Odariz, Odoarici, Odoarii, Odoariiz, Odoarit, Odoariz, Odoerij, Odouarii, Oduarii, Oduarit, Oduarius, Oduariz, Oerij, Udarizi*.

Odoario (nome m.) ← *Hoarius, Hodarius, Hodoario, Hodoarius, Hodorius, Hoduario, Hoduaris, Hoeyro, Oarii, Obduario, Odarii, Odario, Odarium, Odarius, Odiario, Odoarii, Odoario, Odoarius, Odoerius, Odori, Odorio, Odorius, Odoyro, Oduarii, Oduario, Oduarius, Oduariz, Oduorio, Odurio, Oerius, Oeyro, Ordoarius*.

Oila (nome m.) ← *Oila, Olla, Oilani, Olani, Oiani* (HGN 201.2).

Osorio (nome m. e pat.) ← *Hosori, Hosorius, Hosoriz, Husuyro, Osoirio, Osor, Osore, Osorez, Osori, Osorici, Osorii, Osorio, Osorit, Osorium, Osorius, Osoriz, Osorizi, Osoyro, Ossoyro, Usorio, Usurio, Usurius*.

Ozores (pat.) ← *Osoriz* (para acomodarlo á forma moderna).

P

Páez/Pais/Paz (pat. de Paio) ← *Paaet, Paaez, Paaiz, Paaiz, Paas, Paayz, Paayze, Paaz, Paez, Paez, Paes, Paet, Paez, Pais, Pait, Paiz, Palaz, Pas, Payç, Pays, Payt, Payz, Paz, Pelaagii, Pelaci, Pelas, Pelaet, Paelaz, Pelagi, Pelagici, Pelagii, Pelagio, Pelagioque, Pelagius, Pelagiz, Pelagizi, Pelai, Pelaici, Pelaicii, Pelait, Pellaiz, Pellaizi, Pelas, Pelay, Pelayci, Pelayz, Pelaz, Pelazi, Pellaes, Pellaez, Pellagii, Pellaiz, Pellas, Pellaz, Plelaz.*

Pascual (nome m. e pat.) ← *Pascualiz, Pascoal, Pasqual, Pasquoal, Paschoal, Paschal, Pascas, Pascale, Paschalis.*

Q

Quíntila (nome m.) ← *Kintila, Quintia, Quintiha, Quintila, Quintilani, Quintile (tops. mod. Quintián, Quintiá HGN 162.9).*

Quintilán (pat.) ← *Kintilani, Kintilaz, Quintiat, Quintiaz, Quintihat, Quintilaiz, Quintilani, Quintilaz, Quintilazi.*

R

Ríquila (nome m.) ← *Ricila, Ricilani, Rikila, Rikilani, Riquila, Riquilani, Rizila, Rikilanus (tops. mod. Requián, Riquián, HGN 219.28).*

Riquilán (pat.) ← *Ricilani, Rikilani, Riquilani, Riquiaz, Riquilaz.*

Ríquilo (nome f.) ← *Riquilo (top. mod. Reción, HGN 219.29).*

Rosendo (nome m.) ← *Rodesindius, Rodesindo, Rodesindus, Rodosindo, Rodosindus, Rro-sendo, Rudegindus, Rudesindi, Rudesindo, Rudesindu, Rudesindum, Rudesindus, Rudo-sindo.*

S

Sando (nome m.) ← *Sando (top. mod. Sande, Sandes, Sante, HGN 231.8).*

Sandón (pat.) ← *Sandone, Sandoniz, Santoniz, Sandici, Sandiz.*

Seguemundo (nome m.) ← *Segemundus, Sgemundo (top. port. Samonde HGN 237.12b).*

Séguila (nome m.) ← *Seila (top. mod. Seilán, HGN 237.23).*

Sexerédez (pat.) ← *Segereo, Siiredus, Sigiredo, Sigeredus, Sigeredo, Seredus, Seieredo, Sageredus, Segeredus, Segeredo, Segeredi, Segere, Seeredus, Segeridus, Segereus.*

Sexeredo (nome m.) ← *Segereiz, Sigeridi, Sigeredi, Segerediz, Segeredi, Seeriez, Seeredez, Sigerediz (tops. mod. Sixirei, Xixirei, HGN 237.15b).*

Sexerico (nome m.) ← *Seirici, Seirico, Segericus, Sigericus (top. mod. Sexeriz, HGN 237.16).*

Silo (nome m.) ← *Silo, Sio, Siloni (tops. mod. Sién, Seón, HGN 238.6).*

Silón (pat.) ← *Siloni, Sillone, Siloniz, Siliz, Silici, Siis, Siizi.*

Simón (nome m. e pat.) ← *Simon, Simonis, Simoniz.*

Síndila (nome m.) ← *Sindila (HGN 241.21).*

Sindilán (pat.) ← *Sindilaz.*

Síndilo (nome f.) ← *Sindilu, Sintilo (HGN 241.22a).*

Siso (nome m.) ← *Siso (HGN 244.31b).*

Sisón (pat.) ← *Sison.*

Suárez (pat.) ← Soares, Soarez, Soarez, Soarici, Ssoares, Ssuares, Ssuares, Suaraz, Soares, Suarez, Suari, Suarici, Suaride, Suaridis, Suarie, Suarii, Suariiz, Suario, Suaris, Suarit, Suariz, Suarizi, Sueri, Suerii.

Sueiro (nome m.) ← Soarius, Sodarii, Soeyro, Soharius, Ssueiro, Ssuer, Ssueyro, Suareus, Suari, Suarie, Suarii, Suario, Suaris, Suarium, Suarius, Suarus, Subgerius, Sudario, Suecro, Sueiro, Sueirus, Suer, Suere, Suerii, Suerio, Suerios, Suerium, Suerius, Suero, Sueyra, Sueyro, Sugerio.

Súnila (nome m.) ← Sunila, Sunilani (top. mod. Soilán HGN 246.12).

Suniláñez (pat.) ← Sunilani, Sunillaz, Suilaz.

T

Tedón (nome m.) ← Tedoy, Tedom, Tedon, Teodone, Teodoni, Teton, Tetone, Tetoni (HGN 271.38b).

Tedóñez (pat.) ← Tetonici, Tetoniz, Tetonz, Tetuniz, Titoniz.

Téquilo (nome f.) ← Tequilo, Tiquilo, Teoquilo, Tequiloni, Tekiloni (top. mod. Tequión, Boullón 2017: 39).

Téudila (nome m.) ← Teudila, Teodila, Tedila, Teodilanem (HGN 271.38b).

Teudiláñez (nome m.) ← Teodilaz.

Teudilde (nome f.) ← Tudilli, Toilli, Todili, Todilli, Tiudilli, Teudildi, Teodilli, Teodile, Teodildi, Tedildi (top. mod. Tuílle, Toubille HGN 271.11).

Troitiño (nome m. e pat.) ← Troctiniz, Trotiniz, Tructiniz, Truitino, Tructiiz, Tructini, Tructino, Tructinus.

V

Vándila (nome m.) ← Uandila, Guandilani, Quandila, Uandilani, Vandilan (HGN 293.2).

Vandiláñez (pat.) ← Guandilani, Uandilani, Vandilan, Guandilaz.

Véxila (nome m.) ← Uegila, Uigila (top. mod. Vixiáns HGN 301.5).

Vexiláñez (pat.) ← Vigilaz, Ueylazi, Ueilaci, Veilaz, Uegilaz, Uegilazi.

Vísterla (nome m.) ← Uistella, Uistrella, Visterila, Visterla, Visterlam, Visterlani, Visterlla, Vistrela (HGN 314.16b).

Visterláñez (pat.) ← Bestirlaniz, Guistelaz, Guistilaz, Visterlani, Visterlaz, Vistellaz, Vistelaz.

X

Xendo (nome m.) ← Gendo, Gendus, Gendon, Gendoni (top. mod. Xende HGN 122.4).

Xendóñez (pat.) ← Gendoiz.

Xénilo (nome f.) ← Genilo, Genllo, Genlo (HGN 121.8).

Xiance (pat. de Iulianus) ← Giançe, Gianez, Gians, Gians, Iulianez, Iuliani, Iulianis, Iulianiz, Iulianze, Juliāt, Julianj, Jullāez, Jullaez.

Xusto (nome m. e pat.) ← Iustu, lustus, lusti, lustiz, lustizi, Iustit.

Referencias Bibliográficas

- ARES VÁZQUEZ, NICANDRO (2012, 2013): *Estudos de toponimia galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- BOULLÓN AGRELO, ANA ISABEL (1995): "Cronoloxía e variación das fórmulas patronímicas na Galicia altomedieval", *Verba* 22, 455-481. <<http://hdl.handle.net/10347/3256>>
- BOULLÓN AGRELO, ANA ISABEL (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Niemeyer.
- BOULLÓN AGRELO, ANA ISABEL (2006): "Antroponimia e territorio: sobre a difusión dos apelidos en Galicia", en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.): *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: ILG / Consello da Cultura Galega, 235-255. <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/lingua_territorio.pdf, <http://hdl.handle.net/10347/9920>>
- BOULLÓN AGRELO, ANA ISABEL (2009): "Sobre a estandarización da antroponimia: proposta para os apelidos", *Boletín da Real Academia Galega* 370, 117-152. <<http://www.realacademiagalega.org/imaxin-boletins-web/paxinas.do?id=3412>>
- BOULLÓN AGRELO, ANA ISABEL (2013a): "A edición da documentación medieval non literaria en Galicia", en Rosario Álvarez Blanco / Ana Maria Martins / Henrique Monteagudo Romero / Maria Ana Ramos (eds.): *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 57-76. Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/10347/9485>
- BOULLÓN AGRELO, ANA ISABEL (2013b): "Variación e estandarización na toponimia galega", en María Dolores Gordón Peral (coord.): *Lengua, espacio y sociedad. Investigaciones sobre normalización toponímica en España*. Berlín: Walter de Gruyter, 37-59.
- BOULLÓN AGRELO, ANA ISABEL (2017a): "La antroponimia en Galicia en el siglo XVIII", *Namenkundliche Informationen* 109/110, 78-107.
- BOULLÓN AGRELO, ANA ISABEL (2017b): "O Dicionario dos apelidos galegos e a restitución das formas galegas", en A. I. Boullón Agrelo/L. Méndez (eds.): *Estudos de Onomástica Galega II. Os nomes e os apelidos: aspectos legais, sociais e lingüísticos*. Xornada de estudo, Pontevedra, 30 de setembro de 2017. Real Academia Galega, pp. 45-68.
- BOULLÓN AGRELO, ANA ISABEL (2017c): "Nomes, topónimos e apelidos: camiños de ida e volta", *Guavira Letras*. Universidade Federal de Mato Grosso do Sul, n. 25, 34-49. <http://websensors.net.br/seer/index.php/guavira/article/view/480>

- BOULLÓN AGRELO, ANA ISABEL (2017d): "A edición de textos en Galicia (da Idade Media aos Séculos Escuros)", *Labor Histórico* (Universidade Federal do Rio de Janeiro) 3 (1): 76-92.
- BOULLÓN AGRELO, ANA ISABEL (2018): "A estrutura do Dicionario dos apelidos galegos", in: A. I. Boullón Agrelo (ed.): *Antroponimia e lexicografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 143-177.
- BOULLÓN AGRELO, ANA ISABEL/FERNANDO R. TATO PLAZA (1999): "Alonso e Montero: estudo antroponímico", en R. Álvarez / D. Vilavedra (coord.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago, vol. I, 265-293.
- CDChantada = MÉNDEZ PÉREZ, JOSÉ/PABLO S. OTERO PIÑEYRO MASEDA/MIGUEL ROMANÍ MARTÍNEZ (2016): *El monasterio de San Salvador de Chantada (siglos XI-XVI). Historia y documentos*. [Santiago de Compostela]: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento. Rec. de R. Pichel, *Madrygal* 19 (2016), 277-282.
- CDStaCombaNaves = DONO LÓPEZ, PEDRO (2010): *Colección de documentos en pergamiño do mosteiro de Santa Comba de Naves. Introducción, edición e índices*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- CHARTA = *Corpus Hispánico y Americano en la Red: Textos Antiguos*. Coordinado por Pedro Sanchez-Prieto Borja: <https://www.redcharta.es/>
- CID = Commission Internationale de Diplomatique (1984): *Diplomatica et Sigillographica: Travaux preliminaires de la Commission Internationale de Diplomatique et de la Commission Internationale de Sigillographie pour une normalisation internationale des éditions de documents et un Vocabulaire international de la Diplomatique et de la Sigillographie*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico.
- COSTA, AVELINO DE JESUS DA (19933): *Normas gerais de transcrição e publicação de documentos e textos medievais e modernos*. Coimbra: Faculdade de Letras.
- DNG = FERRO RUIBAL, XESÚS (DIR.)/A. I. BOULLÓN AGRELO/J. M. LEMA/F. R. TATO PLAZA/J. M. GARCÍA (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- DocChouzán = PICHEL GOTÉRREZ, RICARDO (2009): *Fundación e primeiros séculos do mosteiro bieito de Santo Estevo de Chouzán (sécs. IX-XIII)*. Noia (A Coruña): Toxosoutos.
- Docs-1260 = BOULLÓN AGRELO, ANA ISABEL/HENRIQUE MONTEAGUDO (2009): *De verbo a verbo: documentos en galego anteriores a 1260*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Anexo 65 de Verba.

- DOPICO BLANCO, FERNANDO (2006): "Prolegómenos, fundación e transmisión dos morgados de Baltar e San Sadurniño na comarca de Ferrol (séculos XVI ao XVIII)", *Cátedra* 13, 435-472.
- HGN = PIEL, JOSEPH M./DIETER KREMER (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- LÓPEZ VILLALBA, JOSÉ MIGUEL (1998): "Normas españolas para la transcripción y edición de colecciones diplomáticas", *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, Hª Medieval 11, 285-306.
- MÉNDEZ, LUZ / GONZALO NAVAZA (2004): "Xentilicios e nomes persoais na toponimia de Chantada", en R. Álvarez/F. Fernández Rei/A. Santamarina (eds.): *A lingua galega, historia e actualidade: actas do I Congreso Internacional, 16-20 de setembro de 1996*, Santiago de Compostela. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. III, 523-532.
- NAVAZA, GONZALO (1991): "O nome Paio", *Cadernos da Lingua* 3, 25-36.
- Navaza, Gonzalo (2009): "Parroquias e toponimia". In: GARCÍA PAZOS, F. (coord.): *A parroquia en Galicia. Pasado, presente e futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 181-201. Disponible en: <http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/publicacions/DR/A_Parroquia_en_Galicia.pdf>
- NOMIG = *Normas ortográficas e morfoloxicas do idioma galego* (2004). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega. <https://academia.gal/documents/10157/704901/Normas+ortogr%C3%A1ficas+e+morfol%C3%B3xicas+do+idioma+galego.pdf>
- Normas de transcripción y edición de textos y documentos*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Escuela de Estudios Medievales, 1944.
- PICHEL, RICARDO (2016): "Sobre edición de textos galegos medievais. Recensión de J. Méndez Pérez et al. (2016): *El monasterio de San Salvador de Chantada (siglos XI-XVI)*. Historia y documentos. Santiago de Compostela: CSIC - Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (Cuadernos de Estudios Gallegos, anejo XL), 829 pp.", *Madrygal* 19, 277-282.
- PIEL, JOSEPH M. (1947): "Nomes de 'possessores' latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa", *Biblos* 23, 143-202, 283-407.
- PIEL, JOSEPH M. (1989): "Toponímia germânica da Península Ibérica", em *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa*. Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 129-157.

- RAG 2016 = *Os apelidos en galego. Orientacións para a súa normalización*. A Coruña: Real Academia Galega. <<http://academia.gal/documents/10157/704901/Os+apelidos+en+galego.pdf>>
- SÁNCHEZ-PIETO BORJA, PEDRO (1998): *Cómo editar los textos medievales. Criterios para su presentación gráfica*. Madrid: Arco Libros.
- SANTAMARINA, ANTÓN (2008): "A pegada relixiosa na toponimia galega. I. Edificios relixiosos". In: X. L. Axeitos, E. Grandío Seoane, R. Villares, (eds.): *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Real Academia Galega/Universidade de Santiago, 935-949.
- THSantiago = CABANA OUTEIRO, ALEXANDRA (2003): *Santiago de Compostela do século XIV ó XV: O Tombo H da Catedral de Santiago. Edición e estudio histórico*. Tese de Doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- VILLARES, RAMÓN (2016): *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.